

VIEIROS

Edición xeral

Galaxia presenta a Freixanes en sociedade

[Galaxia](#), a máis histórica das nosas editoriais, presenta hoxe en sociedade ao seu flamante novo director: [Victor Fernández Freixanes](#). Será nun acto que vai ter lugar no Clube Financeiro de Vigo ás 16.30 horas onde o escritor-editor-xornalista-profesor tomará o relevo do finado Carlos Casares. Lembramos que Freixanes foi xa director da máis importante editora do país, Xerais, e logo foi conselleiro delegado de Anaya. Baixo a súa man, Galaxia inicia unha nova etapa desta editorial fundada en 1950, período que "ha de estar marcado pola pola modernización e a posta ao día das propostas editoriais, consonte ás demandas dos novos tempos e os novos desafíos aos que necesariamente debe facer fronte a sociedade galega", segundo o Consello de Administración que o nomeou.

- 07:42 03/07/2002